



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

**ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº5/2016, EXTRAORDINARIA E URXENTE, REALIZADA O 1 DE XULLO DE 2016.**

### ASISTENTES

#### Presidente

Sr. Alcalde, FERNÁNDEZ MOURIÑO, José Luis(PP)

#### Concelleiros/as

##### Grupo municipal do PP

DUARTE GERPE, Florinda  
GARCÍA GONZÁLEZ, Alfonso  
RAMILO VARELA, Margarita  
BARBEITO REY, Carlos  
MONTES MARTÍNEZ, José Manuel  
REGUEIRA MOAR, Rubén

##### Grupo municipal do PSdeG-PSOE

COUTO LÓPEZ, Pablo  
CETINA MOCHALES, Jesús Javier  
RODRÍGUEZ LADO, Manuela Candelaria  
ORGEIRA CAMPELO, José Francisco

##### Grupo municipal mixto

BERGONDO TRILLO, César Manuel (ACC/SON)

#### Secretario do Concello

Diego García Doval

#### NON ASISTEN

BLANCO FIDALGO, Patricia(PSdeG-PSOE)  
(desculpa a súa ausencia por motivos laborais)

#### Interventora do Concello

Noemí González Mato

**HORA DE INICIO:** 09:03

**HORA DE REMATE:** 09:10

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 09:03 horas do 01 de xullo de 2016, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde mediante decreto do 30 de xuño de 2016, no que se indica que, sendo necesario tratar o asunto integrado na orde do día aos efectos de posibilitar a ampliación do prazo de información pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) antes do vencemento do prazo de dous meses establecido mediante o acordo plenario do 18 de marzo de 2016 (2 de xullo de 2016), de acordo co establecido nos artigos 46.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL en adiante) e 51 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, reúnense na sesión 5/2016, de carácter extraordinario e urxente, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

### ORDE DO DÍA

- 1.- Ratificación da urxencia da convocatoria da sesión.
- 2.- Proposta de ampliación por un mes do prazo de información pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) aprobado inicialmente por acordo plenario do 18 de marzo de 2016.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE desculpa a inasistencia da señora Blanco Fidalgo, por motivos de traballo.

#### 1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA DA SESIÓN.

O señor Alcalde explica que, para posibilitar a ampliación do prazo de información pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), o acordo que se propón habería de adoptarse antes do vencemento do prazo de dous meses establecido mediante o acordo plenario do 18 de marzo de 2016 (2 de xullo de 2016).

De acordo co establecido nos artigos 46.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL en adiante) e 51 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, o Señor Alcalde somete a votación a ratificación da urxencia da convocatoria da sesión, e esta é ratificada, en votación ordinaria, por unanimidade dos dos/as doce señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PP, PSdeG-PSOE e mixto presentes na sesión .

#### 2.- PROPOSTA DE AMPLIACIÓN POR UN MES DO PRAZO DE INFORMACIÓN PÚBLICA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) APROBADO INICIALMENTE POR ACORDO PLENARIO DO 18 DE MARZO DE 2016.

##### EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 30 de xuño de 2016, como segue:

##### "PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

**Asunto: Proposta de ampliación por un mes do prazo de información pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) aprobado inicialmente por acordo plenario do 18 de marzo de 2016.**

Logo de ver que o Pleno do Concello de Carral adoptou, na súa sesión do 18 de marzo de 2016, entre outros, o acordo de aprobar inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Carral (A Coruña) nos termos que constan no expediente, e segundo o documento o documento "Plan Xeral de Ordenación Municipal. Documento de aprobación inicial", na súa versión datada en febreiro de 2016, elaborado por Estudio Técnico Gallego, S.A., e co contido indicado no escrito presentado o 29 de febreiro de 2016 ( con nº de rexistro de entrada 458) e, coas correccións realizadas en marzo de 2016 e indicadas no escrito presentado o 7 de marzo de 2016 (nº de rexistro de entrada 525), e de abrir un período de información pública durante dous meses, mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na Provincia (segundo o establecido no artigo 85.2. da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA, entón vixente, segundo o establecido na disposición derradeira sexta da lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

Con data do 2 de maio de 2016 realizáronse as devanditas publicacións no Diario Oficial de Galicia (nº 83), nos xornais La Voz de Galicia e El Ideal Gallego e no taboleiro de edictos do Concello.

Tendo en conta o número de alegacións presentadas e, para facilitar o estudo do documento aprobado e a presentación, no seu caso, de alegacións por parte da meirande parte da cidadanía do concello posible, aos efectos de poder adaptar o PXOM ás súas necesidades antes da súa aprobación provisoria, o equipo de goberno municipal considera conveniente a ampliación do prazo a tal efecto nun mes adicional, segundo o establecido no artigo 49 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, como segue:

### "Artículo 49 Ampliación

1. La Administración, salvo precepto en contrario, podrá conceder de oficio o a petición de los interesados, una ampliación de los plazos establecidos, que no exceda de la mitad de los mismos, si las circunstancias lo aconsejan y con ello no se perjudican derechos de tercero. El acuerdo de ampliación deberá ser notificado a los interesados.

2. La ampliación de los plazos por el tiempo máximo permitido se aplicará en todo caso a los procedimientos tramitados por las misiones diplomáticas y oficinas consulares, así como a aquellos que, tramitándose en el interior, exijan cumplimentar algún trámite en el extranjero o en los que intervengan interesados residentes fuera de España.

3. Tanto la petición de los interesados como la decisión sobre la ampliación deberán producirse, en todo caso, antes del vencimiento del plazo de que se trate. En ningún caso podrá ser objeto de ampliación un plazo ya vencido. Los acuerdos sobre ampliación de plazos o sobre su denegación no serán susceptibles de recursos."

Logo de ver os devanditos antecedentes e en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 a), c) e d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante ), e 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, previo o preceptivo informe da Secretaría do Concello, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO**, coma órgano competente na materia (segundo o establecido no artigo 22.2.c) LRBRL ) que adopte na correspondente sesión extraordinaria e urgente (antes do vencemento do prazo que se amplía) os seguintes

### ACORDOS

1).- Ampliar por un mes o prazo de información pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) aprobado inicialmente por acordo plenario do 18 de marzo de 2016.

2).- O mes adicional do período de información pública contarase dende a data da derradeira das publicacións deste acordo que se efectuarán mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na Provincia."

No expediente da sesión consta o informe preceptivo da Secretaría do Concello (2/2016, do 30 de xuño).

O señor Alcalde explica que a ampliación do prazo que se propón resposta ás necesidades que observaron o equipo de goberno e os distintos grupos municipais, que fixeron reunións coa veciñanza. Engade que xa hai moitas alegacións presentadas, mais que aínda hai persoas que teñen dúbidas, porque crían que non tiñan que vir alegar, ou que non se enteiraron. Explica que o equipo de goberno municipal quere ter a maior transparencia posible e evitar erros ao plasmar as novas leis no plan. Por último, indica que, aínda que algúns din que vai ser igual, propoñen ampliar o prazo de información pública nun mes, para tentar dar a maior publicidade posible, e para que ninguén poida dicir que non estivo avisado para consultar as súas dúbidas e presentar alegacións, no seu caso.



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

### DEBATE

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto, ACC/SON) dá as "grazas por vir a estas horas", mais expresa a súa mágoa por estar baleiro o espazo do salón destinado ao público, e lembra que nun ano só se enche nunha ocasión a unha hora distinta. Reitera que lle gustaría que se realizasen as sesións pola tarde para ver se así se enche o aforo. No tocante á proposta, coida que é unha pena non ter previsto o prazo de información pública ampliado dende o principio, pois así se aforrará en custe e, en calquera caso, considera que sería mellor que o prazo se ampliase por dous meses e non só por un.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) manifesta que o seu grupo xa pediu a ampliación o 17 de xuño e agradece que se fivese en consideración tal petición, pois coida que a ampliación do prazo é necesaria. Tamén reitera a súa petición de que as sesións plenarios se realicen pola tarde para que non falte a xente, coma a señora Blanco Fidalgo, que está a traballar. Explica que, na súa opinión, esta ampliación de prazo é necesaria, pois aínda hai veciños que se van reunir mañá ao respecto, e opina que se trata dun plan malo, e manifesta que non entende por que se aprobou inicialmente, e dubida se foi só para pagar á empresa, ao estar ligado un dos seus pagamentos a tal aprobación inicial. Considera que deixa moitas vivendas fóra de ordenación, e que hipotecará moitas vivendas e parcelas, coa ocupación en Carral ao 60% ou coas liñas límite de edificación no rural que non son lei e que non terían por que estar aí. Engade que, canto máis aprofunda no seu estudo, ve máis " cousas raras". Engade que, na súa opinión, o plan incumpe a lei en canto ás zonas verdes, os equipamentos, os servizos, ou en cuestións de forma coma o artigo 52.e), segundo o cal, o plan tería que determinar nos ámbitos de solo urbano non consolidado e urbanizable os sistemas de actuación, nas fichas de cada unha das unidades de actuación (cooperación, compensación ou expropiación) e non o fai, e opina que, por todo iso "é nula a exposición pública que se fixo", e "non vai pasar ningún tipo de filtro da Xunta de Galicia e non o vai aprobar definitivamente", polo que "segue sen entender para que meteron aos veciños de Carral en semellante embolado sen necesidade". En calquera caso, avanza que o seu grupo vai votar favorrablemente á proposta.

O señor Alcalde resposta que non quere que queden dúbidas sobre se o plan está mal feito e que, por iso, se ampliará o prazo de información pública, para que se faga perfecto entre todos.

### VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PP, do PSdeG-PSOE e mixto presentes na sesión, adoptando os seguintes acordos:

1).- Ampliar por un mes o prazo de información pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) aprobado inicialmente por acordo plenario do 18 de marzo de 2016.

2).- O mes adicional do período de información pública contarase dende a data da derradeira das publicacións deste acordo que se efectuarán mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na Provincia.



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:*

Ao non existir máis temas que tratar, ás 09 horas e 10 minutos, o Señor Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de cinco páxinas numeradas do un ao cinco, e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel ordinario até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

A blue ink signature consisting of a series of vertical, wavy lines, written over a circular official stamp of the Carral Ayuntamiento.

José Luis Fernández Mourino

O SECRETARIO DO CONCELLO

A blue ink signature consisting of several vertical, wavy lines and a horizontal flourish, written over a circular official stamp of the Carral Ayuntamiento.

Diego García Doval

